

7 A orixe do ser humano

Hai 8 millóns de anos, as correntes convectivas do manto que moven os continentes comezaron a romper África en dúas partes desiguais. Así naceu o chamado val do Rift, unha gran fenda no leste do continente. Este cambio do relevo modificou o clima de África oriental, e converteu a selva en sabana.

Na selva vivían grupos de **primates**, grandes monos, os antecesores da familia **homínidos**, á que pertencemos os humanos. O cambio climático impulsou algúns destes animais a modificar os seus hábitos: para recoller alimento nunha paisaxe aberta, como a sabana, a postura bípede ten vantaxes sobre a cuadrúpede. Así que os mutantes de tendencias bípedes terían vantaxe. Sabemos que hai 4 millóns de anos xa había seres bípedes: os primeiros **Australopithecus** [Figura 3.37]. A continuación, pequenas poboacións destes homínidos estendéronse rapidamente por toda África.

Figura 3.37. Evolución dos homínidos.

